XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP Agolada
Rúa Iryda s/n
36520 Agolada (Pontevedra)
☏🖷986788057
ceip.agolada@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdeagolada

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

| Data de aprobación polo Claustro | Data de aprobación polo Consello |
|---|---|
| 16 de outubro de 2018<br><br>O director:<br><br>ASDO: Luis Vázquez Rojo | 16 de outubro de 2018<br><br>O director:<br><br>ASDO: Luis Vázquez Rojo |

## ÍNDICE

INTRODUCIÓN ..... 3
1-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO ..... 5
2-IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES ..... 7
3-OBXECTIVOS ..... 9
4-ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ..... 10
5-DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS. ..... 13
6-CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS. ..... 15
7-MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN. ..... 20
8-CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO. ..... 21
9-PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS. ..... 21
10-PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN. ..... 22
ANEXOS

## INTRODUCIÓN

O presente Plan de atención á diversidade foi elaborado polo Departamento de Orientación seguindo as directrices da CCP e coas achegas dos equipos de ciclo. A atención á diversidade vén lexislada polo DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

No que se refire á atención á diversidade segue a liña da LOE considerándoa como unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado. Nesta liña, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar as respostas educativas ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado. Estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, a súa vez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

No DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia no capítulo terceiro do título segundo, refírese ao proceso de aprendizaxe na etapa, establecendo os principios metodolóxicos, con especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada e na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en marcha de mecanismos de reforzo. Neste sentido dedícase unha parte fundamental do capítulo terceiro do título segundo a abordar as cuestións relativas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e resalta o papel da titoría..

No artigo 6 do Título I sobre a autonomía dos centros docentes, establece que estes "desenvolverán e completarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería competente en materia educativa, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo"

Xa no Capítulo III sobre o proceso de aprendizaxe e dentro do Artigo 15 de principios metodolóxicos establece no punto un que "nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cada un. E no punto seis di que se lle prestará "especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar." Segue no punto 7 indicando que os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Este Plan de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado do centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo, adaptándose á realidade e singularidade e partindo , polo tanto, para o seu deseño dunha profunda reflexión sobre o contexto.

O Plan de atención á diversidade debe permitir ofrecer a todo o alumnado a axuda pedagóxica que necesite, axustando a intervención educativa á individualidade, poñendo

en xogo todos os elementos organizativos necesarios para dar resposta ás necesidades educativas que presenten.

O Plan de atención á Diversidade é, polo tanto, unha ferramenta encamiñada a dar resposta ao conxunto global do alumnado. Diríxese tanto ao que puntual ou temporalmente presenta algún tipo de dificultade e necesita algún tipo de axuda, como ao que manifesta necesidades específicas de apoio educativo. A finalidade do plan concrétase en facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno/a e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles á adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos nas ensinanzas establecidas na LOE.

## 1.-Xustificación baseada no contexto

O Concello de Agolada está situado no centro xeográfico da nosa comunidade, no extremo Nordeste da provincia de Pontevedra. Pertence á Comarca do Deza xunto con Lalín, Rodeiro, Dozón, Silleda e Vila de Cruces.

Agolada ten unha poboación de preto de 3000 habitantes que viven distribuídos nas vinte e catro parroquias do Concello. É unha zona eminentemente agrícola e gandeira aínda que o sector servizos e a industria téxtil de vilas cercanas acaparan cada vez máis traballadores e traballadoras. Ten unha poboación avellentada cun índice de natalidade dos máis baixos de Galicia. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo.

O nivel cultural da maioría das familias pode considerarse baixo. Son moi poucos os pais-nais con estudos postobrigatorios. Existe moi pouca oferta cultural e de lecer e os espazos de lecer son escasos.

A lingua predominante na zona educativa é maioritariamente o galego, utilizando o castelán como lingua habitual de comunicación só unha minoría.

No tocante a hábitos de estudo, son minoría os que afirman estudar todos os días, no mesmo sitio e á mesma hora, e tampouco supera moito a metade os que adoitan estudar diariamente sen deixar acumular materia.

Á hora de abordar a atención á diversidade debemos ter presentes as características do contexto no que todos os membros da comunidade escolar se desenvolven, xa que o ambiente inflúe directamente no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais non debemos esquecer que os Decretos que establecen os currículos das etapas de Infantil e Primaria, actualmente en vigor, conteñen certos elementos preceptivos que non podemos obviar pero si modificar e adaptar ao contexto no que se vai a desenvolver este plan de traballo, dado que o currículo ten carácter aberto e flexible.

O centro está constituído por un edificio amplo dotado das instalacións necesarias para impartir o ensino de acordo ás esixencias derivadas da educación actual. O Claustro está composto por 15 profesores/as.

No centro están escolarizados oitenta e seis alumno/as, de idades comprendidas entre os tres e os trece anos. O colexio está dotado de dúas aulas de infantil, seis aulas de primaria, aula de música, aula de informática, aula de lingua estranxeira (inglés), aula de psicomotricidade, aula de pedagoxía terapeútica, aula de audición e linguaxe, aula de relixión, aula de material, departamento de orientación e de espazos comúns, como son, biblioteca, ludoteca e aula de audiovisuais. O centro conta con servizo de comedor.

Realizáronse obras, eliminando barreiras arquitectónicas (colocación dun ascensor e creación de baños adaptados ao alumnado con discapacidade motora).

A maioría do profesorado son funcionarios con destino definitivo no centro. A mestra de Pedagoxía Terapéutica está a tempo completo, se ben o meste especialista en audición e linguaxe é compartido (itinerante), acudindo ao centro 3 días á semana (martes, mércores e venres). Así mesmo, dadas as características do alumnado de integración contamos cunha coidadora a tempo completo.

Nos últimos anos o centro escolariza un elevado número de alumnado con discapacidade psíquica, motórica e sensorial e en máis dun caso con plurideficiencia. Por esta razón aínda que o catálogo de postos de traballo non contemple para o número de unidades profesorado de AL noméase un especialista cada curso pola coincidencia de alumnado con importantes discapacidades.

## 2.-Identificación e valoración das necesidades.

O profesorado titor desempeña un papel fundamental na detección de necesidades e realizará, coa colaboración do Departamento de Orientación, a recollida de información para a Avaliación Inicial dos alumnos/as segundo a Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 30-11-2007 e a Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. O profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Correspóndelle ao Departamento de Orientación a avaliación psicopedagóxica no caso da detección de posibles necesidades. No caso de alumnos/as xa escolarizados, procedentes doutros centros, realizarase igualmente unha avaliación inicial de necesidades, mediante a análise da documentación no expediente persoal, coñecemento de avaliacións psicopedagóxicas anteriores, entrevistas cos pais, aplicación de actividades para coñecer o nivel inicial de competencia curricular e o estilo de aprendizaxe, etc.

A detección e valoración das necesidades ten lugar fundamentalmente na avaliación inicial, nas sesións de avaliación de cada trimestre e a través da avaliación psicopedagóxica.

A partir dos resultados das avaliacións realizadas durante o curso obteranse una serie de datos que fundamentarán o axuste da resposta educativa.

Se na avaliación inicial ou despois doutras avaliacións ao logo do curso o profesorado titor detecta posibles necesidades específicas de apoio educativo comunicarallo á xefe/a do Departamento de Orientación.

Os posibles problemas poden estar relacionados con:

– Dificultades para interiorizar e procesar a información.

– Dificultades no desenvolvemento da linguaxe.

– Retraso psicomotor.

– Problemas de conduta.
– Indicadores de risco social.
– Dificultades no desenvolvemento cognitivo.

Como norma xeral ante a detección dunha posible necesidade educativa o profesorado titor seguirá os seguintes pasos:

1. O profesorado titor realizará unha demanda de intervención por escrito no *Documento de derivación* incluido no Caderno do Profesor.
2. O/a orientador/a comunicarallo ao xefe/a de estudos e o titor/a contactará coa familia, que dará o permiso pertinente para a avaliación do alumno/a asinando o documento deseñado a tal fin.
3. O/a responsable do Departamento de Orientación realizará una avaliación que terá como fin coñecer as necesidades globais do alumno/a e a toma de decisións para planificar a resposta educativa. Reflectirá os resultados da mesma nun informe psicopedagóxico que quedará arquivado no Dep. de Orientación. Así mesmo revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as dificultades no proceso de ensino-aprendizaxe. Procurarase sempre dar resposta ás necesidades do alumno/a dentro das medidas ordinarias.

Na primeira reunión ordinaria do Departamento de Orientación do mes de setembro despois da constitución do mesmo trataranse os seguintes puntos:

- Asegurar a posta en práctica dos acordos acadados nas sesións de avaliación do curso anterior para garantir a continuidade no tratamento das dificultades.
- Establecer a necesidade dunha avaliación psicopedagóxica ou a revisión no seu caso.
- Decidir conxuntamente sobre as medidas organizativas, pedagóxicas ou curriculares axeitadas en cada caso (ACS, RE, apoio externo, apoio interno, materiais a usar, espazos, tempos dedicados ao apoio, etc.)

Á vista dos acordos tomados, os mestres de PT e AL, xunto co Orientador/a, elaborarán o horario xeral de atención ás necesidades educativas, os espazos propostos e as persoas implicadas, consensuado con cada titor/a.

A detección de necesidades, no caso de alumnos que se escolarizan por primeira vez e/ou procedentes do estranxeiro, especialmente se hai descoñecemento de algunha das nosas linguas oficiais, efectuarase seguindo a lexislación a tal efecto e as indicacións do Plan de Acollida.

Cando se identifiquen determinados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a discapacidade psíquica, sensorial ou motórica solicitaránselle aos pais a documentación que así o acredite. Esta situación poñerase en coñecemento do Equipo Directivo. O/a xefe/a do departamento pedirá por escrito á Inspección de zona que tramite a solicitude de intervención ao EOE co fin de realizar un dictame. Achegarase un informe do DO ao protocolo oficial de demanda.

É frecuente detectar indicios dun posible trastorno ou dificultade que debe ser abordado desde a área educativa e sanitaria simultáneamente e nestes casos elaborarase un informe educativo destinado aos servicios sanitarios, poñéndoo en coñecemento do equipo directivo do centro. Así mesmo comunicarase o contido do mesmo aos pais ou titores legais do alumno/a. Unha vez que o/a pediatra teña no seu poder o informe derivará ao alumno/a con dificultades ao servicio que considere oportuno.

Nestes casos pídeselle aos pais que soliciten un informe clínico para o centro educativo co fin de elaborar un plan de actuación e seguimento a nivel educativo pero en coordinación cos profesionais sanitarios. Por suposto estes datos serán postos en coñecemento do Equipo directivo e do profesorado titor, que terán en conta a súa confidencialidade.

## 3.-Determinación dos obxectivos.

-Ser punto de referencia a partir do que se concretará anualmente o axuste das respostas educativas axeitadas a cada alumno e contexto. Esta resposta reflectirase na concreción anual do plan xeral de atención á diversidade que formará parte da Programación Xeral Anual.

-Vertebrar toda a planificación e organización dos apoios permitindo priorizar as necesidades e axustar os recursos persoais de que se dispón.

-Promover medidas organizativas flexibles que posibiliten introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, readaptando as intervencións do profesorado.

-Permitir a identificación daqueles aspectos da atención á diversidade que precisen melloras cara o curso seguinte.

-Garantir a actuación coordinada do profesorado de apoio, titores, profesorado especialista e persoal coidador para a correcta aplicación das medidas de atención á diversidade.

-Fomentar a participación dos pais/nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

-Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.

## 4.-Descrición de actuacións, medidas/programas para a atención á diversidade.

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica e, incluso, extraordinaria. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.
Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

No marco do Decreto 229/2011, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en **ordinarias e extraordinarias**. No presente Plan Xeral de Atención á Diversidade recóllense en xeral a continuación e para cada curso especifícanse nas concrecións anuais de do plan.

<u>Medidas ordinarias</u>

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, **sen alteración significativa** dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre outras considéranse ordinarias as seguintes:

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

f) Desdobramentos de grupos.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

h) Programas de enriquecemento curricular.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.
Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.
Considéranse extraordinarias as seguintes medidas:

a) Adaptacións curriculares.
b) Agrupamentos flexibles.
c) Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
e) Programas de diversificación curricular.
f) Programas de cualificación profesional inicial.
g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
h) Grupos de adquisición das linguas.
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Ademais a consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

**5.-Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

- Cando un alumno/a presente NEAE, o diagnóstico do/a orientador/a do centro debe preceder á intervención do profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- O alumnado que aínda non teña un desfase dun ciclo, por non habelo cumprido, pero que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe e como consecuencia non supere nalgunha avaliación alguna das áreas de lingua galega/ castela ou matemáticas poderá recibir apoio de Pedagoxía Terapéutica ou Audición e Linguaxe. Estes alumnos/as estarán relacionados con alumnado con moi baixa estimulación familiar para o fomento da aprendizaxe, con graves dificultades desde o primeiro curso para acceder ás área instrumentais, con dificultades graves para manter e afianzar aprendizaxes, con dificultades de articulación ou fluidez na linguaxe espontáneo e con competencia baixa na área da linguaxe oral principalmente.
- Os apoios dirixiranse fundamentalmente á adquisición das aprendizaxes instrumentais de Lingua e Matemáticas. Naqueles casos nos que o desfase curricular sexa significativo e, polo tanto, exista unha adaptación curricular significativa traballarase segundo o disposto no documento de adaptación.

- Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas das linguas, matemáticas ou coñecemento do Medio, e non en E. Física, Plástica e Música.

- Terase en conta, sempre que sexa posible, os momentos do horario na aula ordinaria na que se imparte a materia obxecto de dificultade.

- As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar.

- O apoio será en aula ordinaria sempre que sexa posible. Produciranse intervencións directas especializadas cando:

  –A resposta educativa que precise o alumno/a con NEAE non poda resolverse con fórmulas máis normalizadas por presentar o alumnado un desfase curricular considerable.
  –Alumnado que teña que recibir atención específica por parte do especialista de Audición e Linguaxe.
  –Alumnado de distintas aulas agrupado nunha mesma sesión.
  –Alumnado con descoñecemento das linguas da comunidade.
  –Alumnado a partir do 3º curso que non domine as técnicas instrumentais básicas.

A **priorización de alumnado** a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerase polos seguintes criterios:

1. Priorizar as intervencións de casos de maior gravidade, especialmente alumnado con NEAE derivada de discapacidae ou trastorno grave de conduta.
2. Aquel alumnado que manifeste un desfase curricular significativo e teña unha ACS que poderá ser apoiado polo profesorado de PT ou AL dentro da aula ou fóra dela en pequeno grupo.
3. Aquel alumnado que presenta desfase curricular de menos dun ciclo e non supere alguna das áreas de lingua ou matemáticas. Este reforzo poderá ser transitorio se o alumno /a supera as súas dificultades.
4. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos de maior gravidade.
5. Novo alumnado ao que se lle detecten NEAE. Priorizaranse os cursos máis baixos.

## 6.-Concreción das actuacións dos distintos profesionais.

Profesorado titor

O profesorado titor actuará como coordinador do profesorado que traballa co seu grupo, será o vínculo fundamental de relación coas familias e terá as seguintes funcións:

– Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación baixo a coordinación do Xefe/a de Estudos e a colaboración do Departamento de Orientación.

– Segundo a orde do 23 de novembro de 2007 e a Orde do 25 de xuno de 2009 pola que se regulamenta a avaliación na Ed Primaria e no segundo ciclo da Ed. Infantil respectivamente, o titor/a realizará a avaliación inicial ao comezo de curso co fin de establecer o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo.

– Así mesmo o profesorado titor colaborará co Departamento de Orientación na avaliación psicopedagóxica e atenderá ás dificultades de aprendizaxe do seu alumnado para proceder á adecuación persoal do currículo, o que implica a elaboración de adaptacións curriculares coa colaboración do resto do profesorado ordinario que atende ao alumno, o profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora.

– Potenciar a integración dos alumnos/as no grupo.

– Fomentar a participación de todos os seus alumnos/as nas actividades do centro.

–Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo con PT, Al e co resto de profesorado que intervén directamente cos mesmos e adoptar a decisión que proceda acerca da súa promoción dun ciclo a outro.

– Informar ás familias e ao profesorado do alumnado con necesidades educativas sobre todo o que teña que ver co alumno/a en relación coas actividades docentes e rendemento académico.

Profesorado de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe

– Atención directa docente ao alumnado con NEAE.
– Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
– Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con NEAE. No caso do especialista de AL, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
– Colaboración co Departamento de orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con NEAE.
– Colaboración co profesor titor e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
– Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con NEAE, así como os pais destes alumnos/as.
– Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
– Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.

Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:

– Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro ciclo de Educación Primaria. Contará coa colaboración da orientadora do centro.
– Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

Departamento de Orientación

O xefe/a do departamento de Orientación terá as seguintes funcións:

– Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
–Coordinar a atención ao alumnado con NEAE xunto co xefe de estudos e o profesorado de apoio.

– Detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado.

– Realizar a avaliación psicopedagóxica.

– Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

– Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.

– Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

– Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.

– Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.

– Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.

– Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.

– Participar na elaboración, seguimento e avaliación do proxecto educativo, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.

– Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumnado.

– Organizar espacios e instalacións para a orientación, así como adquirir material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.

– Establecer canles de información cos diferentes servicios ou institucións no ámbito das súas competencias.

– Cooperar cos membros de equipo de orientación específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

Equipo Directivo

O Equipo Directivo constituirase como un elemento dinamizador de todos os procesos dirixidos a optimizar a atención ao conxunto do alumnado e terá as seguintes funcións:

– Impulsar propostas e facilitar as condicións necesarias para a posta en marcha das medidas de atención á diversidade potenciando en todo momento a coordinación do profesorado.

